



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G010/000011
Sesión núm. 11/2023-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

Para os efectos de cumprir co establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), logo de se ter constituído a Corporación resultante das Eleccións Locais do 28 de maio do 2023 na sesión plenaria realizada o pasado 17 de xuño do 2023, e máis de conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do ROF,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar a sesión do Pleno do Concello para as data, hora e lugar que a continuación se indican, coa seguinte Orde do Día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 11 de xullo do 2023
Convocatoria: Extraordinaria e urxente (organización)	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos plenos da casa do concello

ORDE DO DÍA

- 01º.- Aprobación da urxencia da sesión.
- 02º.- Toma de posesión do cargo de concelleiro de D. Aurelio Lonja Tajés (PP).
- 03º.- Modificación Bases de execución do orzamento 03/23: Base núm. 35.
- 04º.- Establecemento das retribucións dos membros da Corporación.
- 05º.- Periodicidade das sesións do Pleno.
- 06º.- Establecemento das asignacións económicas para os grupos políticos municipais.
- 07º.- Constitución dos grupos políticos municipais.
- 08º.- Creación e composición das Comisións informativas.
- 09º.- Nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados (da competencia do Pleno).
- 10º.- Determinación e retribución dos postos do persoal eventual.
- 11º.- Retribucións por asistencia efectiva a órganos colexiados.
- 12º.- Dación de conta das resolucións da Alcaldía en materia de nomeamentos de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións conferidas pola Alcaldía (concelleiros delegados).

SEGUNDO: Dar traslado desta Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na Orde do Día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 10 de xullo do 2023.